

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 11.10.2017 Hora: 10:30

A Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de outubro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 17363 (10/CPC-000031)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. directora da Axencia Tributaria, por petición propia, para informar sobre a programación levada a cabo por esta dirección ao longo do ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

Punto 2. Propositions non de lei en comisión

- 2.1 7603 (10/PNC-000789)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis
Sobre a creación da Oficina Orzamentaria do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a transparencia nas súas actuacións, os investimentos realizados e os resultados obtidos, así como facilitar o acceso da cidadanía a esta información nas diferentes páxinas webs institucionais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017
- 2.2 10130 (10/PNC-001049)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento dos servizos de correos no medio rural de Galicia, así como o financiamento do Servizo Postal Universal, a recuperación dos empregos e da capacidade salarial recortados no sector dende o ano 2010 e a eliminación da taxa de reposición para os vindeiros anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017
- 2.3 16616 (10/PNC-001393)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación

coa decisión de vender o Banco Popular Pastor ao Banco de Santander por un euro e a defensa das persoas investidoras e usuarias afectadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 17363(10/CPC-000031)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. directora da Axencia Tributaria, por petición propia,
para informar sobre a programación levada a cabo por esta
dirección ao longo do ano 2017



Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -a petición propia- ante a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da directora da Axencia Tributaria de Galicia para informar sobre **“a actividade da Axencia Tributaria de Galicia durante o ano 2016”**.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 7603(10/PNC-000789)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre a creación da Oficina Orzamentaria do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a transparencia nas súas actuacións, os investimentos realizados e os resultados obtidos, así como facilitar o acceso da cidadanía a esta información nas diferentes páxinas webs institucionais

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7603
Data envío: 04/04/2017 20:02:21.619



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, do deputado **Abel Losada Alvarez** e da deputada **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Os e as socialistas consideramos que, para que a cidadanía sexa quen de participar activamente na vida pública, debe ter a información necesaria que permita obter unha opinión fundamentada, e debe sentirse capaz de acadar información verídica e contrastable sobre a súa gobernanza. Por iso, consideramos esencial dar a todos os galegos e todas as galegas o máximo de información, no maior número posible de canles e cunha dispoñibilidade inmediata. Neste eido, resulta imprescindible impulsar medidas de transparencia de acordo cos estándares internacionais, seguindo o exemplo de entidades como *Transparency International*.

A crise, os casos de corrupción e o despilfarro absolutamente inxustificado de recursos públicos tiveron como consecuencia que as institucións políticas estean sendo xulgadas como algo negativo para a cidadanía; o que favorece a aparición de movementos de carácter populista, que lonxe de buscar solucións, tensan o propio sistema político. Os recursos públicos, teñen que ser utilizados, non só de forma moi escrupulosa, senón tamén optimizando os seus rendementos económicos e sociais.

Resulta imprescindible, crear novos instrumentos de control parlamentario, para que a rendición de contas do executivo se corresponda coa proximidade dos feitos, así como potenciar o debate político, coa mellora dos mecanismos de información e control, en torno aos retornos económicos e sociais do gasto público, para que dende o Parlamento se poida exercer un control eficaz da acción do goberno.

O gasto público, desenvolvido polas administracións públicas é o brazo executor do goberno. Trátase de poder poñer en marcha todas aquelas políticas públicas dirixidas a actuar sobre os desequilibrios económicos e

 Grupo Parlamentario

sociais, aumentando a solidariedade entre o conxunto dos cidadáns e das cidadás e loitando contra a desigualdade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Só podemos reforzar o sistema democrático diante dos populismos, dende unha esixencia ética máxima, loitando contra a corrupción con determinación, impedindo a confusión entre intereses particulares e o interese público. Nun contexto de dificultades económicas para tanta xente, e ante o crecemento do escepticismo; o poder político debe garantir transparencia nas súas actuacións, en particular a relación entre os resultados acadados pola acción pública e os recursos investidos nelas. E esta información debe resultar fácil e accesible á cidadanía a través das diferentes webs institucionais, tendendo a centralización das mesmas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

A) O Parlamento galego acorda crear a **Oficina Orzamentaria do Parlamento de Galicia**, como órgano de asesoramento técnico da Cámara en materia económica e orzamentaria.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar mecanismos de avaliación de servizos públicos nos que se teñan en conta a satisfacción das persoas usuarias a través de enquisas de servizos.
2. A **Oficina de Avaliación de Políticas Públicas** establecerá un sistema de indicadores cuantitativos e cualitativos destinados a medila eficiencia, a eficacia e a efectividade social das accións das diferentes consellerías.
3. Crear un portal de licitadores, onde todas as empresas de Galicia deberán estar inscritas para ser beneficiarias de contratos públicos.
4. Publicar todas as facturas fiscalizadas pola Xunta de Galicia dunha contía superior a 2.000 euros.
5. Prohibir a Administración contratar con empresas con sentenzas firmes por casos de corrupción, financiamento ilegal ou sentenzas

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

condenatorias en materia laboral, respectando as previsións contidas na normativa de contratación do sector público.

6. Implantar cláusulas sociais para evitar a precarización do emprego nas empresas beneficiarias de emprego público.

7. Restrinxir a declaración de procedementos excepcionais de contratación, como os de urxencia, sendo imprescindible un informe xustificativo... ¿de quen?

8. Regular mediante lei as encomendas de xestión a particulares dos servizos públicos de Galicia.

9. Publicar unha base de datos anual con todas as adxudicacións, licitacións e subvencións concedidas polos distintos departamentos. No caso das adxudicacións e as licitacións, publicaranse tamén os informes técnicos elaborados, así como a puntuación recibida por cada un dos participantes no concurso.

10. Establecer unha senda de progresividade para conseguir que en catro anos o 95 % das subvencións sexan de concorrencia competitiva. Ademais, cada expediente de subvención contará coas mesmas garantías avaliables que as contratacións: incluíndo os obxectivos que se perseguen conseguir e, como criterio de xustificación, publicación dunha memoria que diga o grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos.

11. Desenvolver un programa de control dos grupos de presión. Creando un rexistro dos mesmos, e desenvolvendo un manual de boas prácticas e transparencia que regule a relación da administración e os grupos de presión.

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7603
Data envío: 04/04/2017 20:02:21.619



 **Grupo Parlamentario**

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/04/2017 19:55:21

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/04/2017 19:55:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/04/2017 19:55:33

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 10130(10/PNC-001049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento dos servizos de correos no medio rural de Galicia, así como o financiamento do Servizo Postal Universal, a recuperación dos empregos e da capacidade salarial recortados no sector dende o ano 2010 e a eliminación da taxa de reposición para os vindeiros anos

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 12:36
Nº Rexistro: 10130
Data envío: 07/06/2017 12:36:04.592

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á necesidade de manter e velar pola calidade do servizo de correos no rural ourensán.

A situación de desmantelamento e privatización do servizo de correos ao longo dos últimos lustros é un feito, como así evidencian os datos dos últimos anos. A realidade é demoledora: en oito anos lévanse perdido no Estado unha media de arredor de 20.000 empregos. A esta situación cómpre engadir que se pasou de 9.926 a 8.946 puntos de atención e que os perdidos correspóndense con enlaces rurais en pequenos núcleos de poboación. Neste tempo, desde a dirección de Correos coa complicidade do goberno central tense seguido unha estratexia pola cal se mantén a rede de Oficinas Técnicas pero minóranse as Oficinas Auxiliares, atendidas por un carteiro en xornada parcial en locais cedidos polos Concellos.

Estas actuacións teñen consecuencias negativas para a calidade e o desenvolvemento óptimo do servizo, fundamentalmente para as poboacións rurais. Deste xeito, de analizarmos polo miúdo este descenso, podemos verificar como só nestes últimos oito anos (aqueles dos que existen datos oficiais) un total



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 12:36
Nº Rexistro: 10130
Data envío: 07/06/2017 12:36:04.592

de 1.113 carteiros e carteiros rurais en todo o Estado teñen desaparecido. A esta grave minoración podemos sumar 980 puntos de atención, concretamente as anteriormente citadas oficinas auxiliares atendidas de xeito unipersoal.

Cómpre recordar que a Lei 24/1998, do 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais recolle no seu título III as obrigacións do servizo público no tocante ás definicións e obrigas do servizo postal universal e outros dereitos e obrigas de carácter público á hora da prestación dos servizos postais. Neste sentido, establécense obrigas dun servizo que se entende de raíz pública, o servizo postal universal e obrigas e dereitos diversos radicados na prestación dos servizos postais.

Porén, estase a aplicar unha unha política pola cal, en base a modificacións dos criterios de dimensionamento, amortízase a práctica totalidade das vacantes dos enlaces rurais e a obrígase a que as e os empregados que prestan os seus servizos na mesma oficina en áreas limítrofes asuman áreas de reparto amortizadas, ou mesmo sexan forzadas e forzados a desprazáranse a outras áreas. Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que todas estas cuestións contraveñen o sentido público do servizo de correos e a normativa que regula a súa concesión e financiamento.

Máis aínda, isto afecta de forma especialmente grave ao territorio administrativo comprendido baixo a denominación de provincia de Ourense, conforme veñen denunciando forzas sindicais e este grupo parlamentar nacionalista. Cómpre indicar que esta discriminación cara Ourense xa se tiña dado antes da xeneralización das novas tecnoloxías e a incidencia dos primeiros anos da crise, pois tiñase reducido o 33% dos carteiros rurais no intervalo de dez



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 12:36
Nº Rexistro: 10130
Data envío: 07/06/2017 12:36:04.592

anos dende o ano 1996 até o 2006, pasando de 330 a 212. Pasado este período e baixo criterios economicistas e tomando o despoboamento como unha desculpa en lugar dun argumento para mellorar o servizo e incentivar a fixación de poboación, a situación ten empeorado de forma drástica. Desta forma, podemos sinalar como segundo datos oficiais a finais do 2016 xa só hai 153, outro 30% menos nun intervalo similar de tempo, constituíndo a peor porcentaxe a nivel do Estado español.

A desaparición dos carteiros rurais ten unha incidencia enorme en Galiza posto que temos máis de 30.000 núcleos de poboación, máis da metade dos do estado español. Todo isto, sumado á progresiva eliminación de servizo obriga a moitos veciños e veciñas con desiguais condicións físicas, sociais e económicas a desprazáranse a zonas máis poboadas, provocando a desertización de numerosos núcleos de poboación.

O Bloque Nacionalista Galego considera que o reparto no ámbito rural é a esencia que converte a Correos nun servizo público. É precisamente a prestación do Servizo Postal Universal, aquel que Correos ten encomendado por Lei e que garante un acceso en condicións de igualdade non discriminatorias e a un prezo asequíbel a toda a cidadanía con independencia da súa residencia, unha responsabilidade da entidade subministradora, do goberno do Estado de quen depende o financiamento e tamén da propia Xunta de Galiza, que debe velar pola igualdade dos galegos e galegas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 12:36
Nº Rexistro: 10130
Data envío: 07/06/2017 12:36:04.592

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno central:

- O incremento dos servizos de correos no rural galego así como a incrementar o financiamento do Servizo Postal Universal.

- A recuperación do número de empregos e capacidade salarial recortados no sector desde 2010 e a eliminar a taxa de reposición para os vindeiros anos e proceder a regularizar a incorporación de persoal novo mediante procesos de contratación ética, xusta e transparente.”

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 12:36
Nº Rexistro: 10130
Data envío: 07/06/2017 12:36:04.592

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/06/2017 12:33:19

Olalla Rodil Fernández na data 07/06/2017 12:33:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/06/2017 12:33:29

María Montserrat Prado Cores na data 07/06/2017 12:33:33

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2017 12:33:35

Ana Pontón Mondelo na data 07/06/2017 12:33:38

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 16616(10/PNC-001393)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de vender o Banco Popular Pastor ao Banco de Santander por un euro e a defensa das persoas investidoras e usuarias afectadas

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e dos seus deputados e deputadas, Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araújo, Magdalena Barahona Martín, Antón Sánchez García, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Carmen Santos Queiruga, Juan José Merlo Lorenzo, Eva Solla Fernández, Pancho Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate na Comisión 3.^a**.

Exposición de motivos

A Comisión Rectora do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB) vendeu por **un euro** (1 €) o Banco Pastor ao Banco Santander, executando a decisión que tomara a Xunta Única de Resolución do Mecanismo Único de Resolución da Unión Europea.

Esta venda produciuse despois da intervención da entidade e da declaración de inviabilidade polo Banco Central Europeo (BCE).

A decisión que adoptou a “Single Resolution Board” ou Xunta Única de Resolución (SRB), dependente do Mecanismo Único de Resolución, despois de vixiar a súa evolución e ante a falta de solvencia foi vender a entidade Banco Popular Español S.A., escollendo a oferta do Banco Santander pola garantía da estabilidade financeira e o normal funcionamento do mesmo.

O plan de resolución enviouse á Comisión Europea que o comunicou ao FROB, encargado de executar a venda do Popular. Esta liquidación e expropiación supón un agravio comparativo, por exemplo, co ocorrido en Italia co Banco Monte Dei Paschi, rescatado con fondos públicos.



A decisión deixou a arredor de 305.000 accionistas, xunto con subscritores de bonos e inversores de débeda subordinada do Banco Popular Español cunha participación na sociedade por valor de 0 euros.

Tanto a decisión de venda do Popular por 1 Euro ao Banco Santander como as consecuencias derivadas para os miles de accionistas estanse cuestionando a nivel xudicial, a través das xurisdicións penal, civil e administrativa.

Así, a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU) presentou ante o Tribunal Xeral da Unión Europea un recurso de anulación fronte a resolución do Banco Popular e ante a Audiencia Nacional unha querela contra antiga cúpula do Banco Popular e a auditora Pricewaterhousecooper por estafa ás inversoras e por falsidade contable.

A Asociación española de Accionistas Minoritarias de Empresas Cotizadas (AEMEC) interpuxo un recurso fronte a decisión do XUR e tamén unha querela para depurar responsabilidades penais pola desaparición do Banco, fronte a Emilio Saracho e fronte a un dos principais inversores do Popular ao que acusan de apostar pola acción á baixa.

Tamén se presentaron ante a Fiscalía Anticorrupción da Audiencia Nacional demandas contra a xestión do Banco Popular.

Outros inversores e asociacións de consumidores acordaron acudir á xurisdición civil para tentar recuperar a inversión perdida nos tribunais de xustiza.

Con todas estas accións iniciadas cómpre dar unha solución axeitada as persoas inversoras, que perderon todos os cartos nesta operación, que se converteu nunha estafa masiva.

Hoxe o Banco Santander enviaba unha oferta a estes inversores, un regalo envelenado. As condicións son a emisión de bonos de fidelización a perpetuidade, cun valor nominal de 100 € cun xuro do 1% anual a cobrar



trimestralmente. Os accionistas que investiron menos de 100.000 euros percibirían bonos por o 100% do invertido, mingando a maior inversión ata o 50%. Estes bonos poderíanse amortizar aos 7 anos. Todo isto a cambio de renunciar a accións xudiciais contra antigos e novos xestores do Banco.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Iniciar accións contra a resolución da Xunta Única de Resolución dependente do Mecanismo Único de Resolución da UE, na defensa das inversoras ante esta estafa masiva de venda do Banco Popular por 1 euro ao Santander.
2. Personarse en todas aquelas causas abertas de toda índole para a defensa de todas as inversoras.
3. Garantir a axeitada defensa das consumidoras e usuarias a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencia.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/09/2017 17:34:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 16616
Data envío: 14/09/2017 17:38:26.641



José Manuel Lago Peñas na data 14/09/2017 17:34:57

Paula Vázquez Verao na data 14/09/2017 17:35:08

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/09/2017 17:35:11

Juan José Merlo Lorenzo na data 14/09/2017 17:35:14

Carmen Santos Queiruga na data 14/09/2017 17:35:18

Antón Sánchez García na data 14/09/2017 17:35:22

Eva Solla Fernández na data 14/09/2017 17:35:25

Luca Chao Pérez na data 14/09/2017 17:35:28

Paula Quinteiro Araújo na data 14/09/2017 17:35:32

Magdalena Barahona Martín na data 14/09/2017 17:35:35

Francisco Casal Vidal na data 14/09/2017 17:35:38

David Rodríguez Estévez na data 14/09/2017 17:35:42

Marcos Cal Ogando na data 14/09/2017 17:35:45